

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE EMPREGO E SEGURIDADE SOCIAL

**8381** *Orde ESS/1451/2013, do 29 de xullo, pola que se establecen disposicións para a prevención de lesións causadas por instrumentos cortantes e punzantes no sector sanitario e hospitalario.*

En novembro de 2008 as organizacións europeas de interlocutores sociais HOSPEEM (Asociación Europea dos Empresarios do Sector Hospitalario e Sanitario, unha organización sectorial que representa os empregadores) e EPSU (Federación Sindical Europea dos Servizos Públicos, unha organización sindical europea) comunicaron á Comisión Europea o seu desexo de emprender negociacións, conforme o artigo 138, punto 4, e o artigo 139 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea, co obxecto de celebrar un acordo marco para a prevención das lesións causadas por instrumentos cortantes e punzantes no sector hospitalario e sanitario.

No mes de xullo de 2009 os interlocutores sociais europeos asinaron o texto do Acordo marco para a prevención das lesións causadas por instrumentos cortantes e punzantes no sector hospitalario e sanitario.

Débese indicar aquí que o obxecto do acordo marco, segundo se establece na súa primeira cláusula, é fomentar a consecución dun dos obxectivos da política social, concretamente a mellora das condicións laborais. O acordo marco pretende lograr un lugar de traballo o máis seguro posible, protexer o persoal sanitario e hospitalario do risco contra as lesións causadas por calquera instrumental sanitario cortopunzante (incluídas as agullas das xiringas) e previr o risco de feridas e infeccións causadas por este tipo de instrumental. O acordo ofrece un enfoque integrado da avaliación de riscos e a prevención destes, a formación, a información, a sensibilización e a supervisión, así como os procedementos de resposta e seguimento.

O propio acordo recoñece que todos os axentes do sector sanitario e hospitalario deben ser conscientes da importancia da saúde e a seguridade no traballo. O cumprimento das medidas de prevención e de protección contra as lesións evitables terá un efecto positivo nos recursos.

O acordo considera que a saúde e seguridade dos traballadores é fundamental e está estreitamente vinculada á saúde dos pacientes, formando a base da calidade dos servizos prestados. Ademais, tamén segundo o propio acordo, para lograr un lugar de traballo o máis seguro posible é fundamental, xunto coa implantación dos dispositivos de seguridade, combinar medidas de planificación, sensibilización, información, formación, prevención e supervisión.

De conformidade co artigo 155 do Tratado de funcionamento da Unión Europea, os interlocutores sociais poden pedir conxuntamente que os acordos celebrados por eles no nivel da Unión nos ámbitos suxeitos ao artigo 153 do tratado sexan aplicados mediante unha decisión do Consello sobre unha proposta da Comisión.

Con esta base, a Comisión elaborou unha proposta de directiva tendo en conta o carácter representativo das partes signatarias, o ámbito do acordo, para o sector hospitalario e sanitario, o seu mandato, a legalidade das cláusulas do acordo marco e a conformidade deste coas disposicións pertinentes relativas ás pequenas e medianas empresas. Posteriormente, e tras informar a Comisión da súa proposta ao Parlamento Europeo e ao Comité Económico e Social Europeo, o Parlamento Europeo adoptou en febreiro de 2010 unha resolución sobre a proposta.

Finalmente foi aprobada a Directiva 2010/32/UE do Consello, do 10 de maio de 2010, que aplica o Acordo marco para a prevención das lesións causadas por instrumentos cortantes e punzantes no sector hospitalario e sanitario celebrado por HOSPEEM e EPSU, que se traspón mediante esta orde.

A orde considérase o instrumento idóneo para traspor a Directiva 2010/32/UE xa que as previsións contidas nela son un desenvolvemento do Real decreto 664/1997, do 12 de maio, sobre a protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes biolóxicos durante o traballo. En efecto, as disposicións da orde diríxense a evitar as infeccións, causadas por axentes biolóxicos, ás cales o persoal sanitario queda exposto como consecuencia de feridas causadas por instrumental sanitario cortopunzante.

Para a elaboración da orde contouse coa participación de organizacións empresariais e sindicais, e adaptouse á realidade española o contido do acordo asinado a nivel europeo.

Esta orde dítase en uso das atribucións conferidas pola disposición derradeira segunda do Real decreto 664/1997, do 12 de maio, sobre a protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes biolóxicos durante o traballo, logo de informe favorable da ministra de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, e logo de informe da Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo.

Na súa virtude, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

## Artigo 1. *Obxecto.*

1. O obxecto desta orde é:

- a) Lograr un lugar de traballo o máis seguro posible,
- b) Previr as feridas causadas aos traballadores con calquera instrumental sanitario cortopunzante (incluídas as picadas de agullas),
- c) Protexer os traballadores expostos,
- d) Establecer un enfoque integrado polo que se definan políticas de avaliación de riscos, prevención de riscos, formación, información, sensibilización e supervisión,
- e) Pór en marcha procedementos de resposta e seguimento.

2. As disposicións do Real decreto 664/1997, do 12 de maio, sobre a protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes biolóxicos durante o traballo, aplicaranse plenamente ao conxunto do ámbito recollido no artigo 2 desta orde.

## Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

Esta orde aplícase a todos os traballadores do sector sanitario e hospitalario e a todos os que están baixo a dirección e supervisión dos empresarios. Todos os centros, establecementos e servizos, do ámbito sanitario e hospitalario, tanto do sector público como do sector privado, deberán cumprir o disposto nesta orde. Os empresarios deben realizar esforzos para garantir que os subcontratistas respectan as disposicións establecidas nesta orde.

## Artigo 3. *Definicións.*

Para efectos desta orde consideraranse:

1. «Traballadores»: toda persoa empregada por un empresario, incluídas as que estean en período de formación ou prácticas realizando actividades e servizos directamente relacionados co sector sanitario e hospitalario. Os traballadores empregados a través dunha empresa de traballo temporal inclúense tamén no ámbito desta orde.

2. «Empresarios»: persoas físicas/xurídicas que teñan unha relación laboral cos traballadores, de acordo co texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, así como as administracións públicas que teñan unha relación xurídica de carácter administrativo ou estatutario con persoal ao seu servizo, coas peculiaridades que, neste caso, se recollen na Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, así como as sociedades cooperativas, constituídas de acordo coa lexislación que lles sexa de aplicación, nas cales existan

socios cuxa actividade consista na prestación do seu traballo persoal, coas particularidades derivadas da súa normativa específica. Son responsables da xestión, organización e prestación da atención sanitaria e das actividades e servizos directamente relacionados efectuados polos traballadores.

3. «Lugares de traballo»: as organizacións/servizos de atención sanitaria dos sectores público e privado, e calquera outro lugar onde se realicen e presten servizos/actividades de saúde, baixo a dirección e supervisión do empresario.

4. «Instrumental sanitario cortopunzante»: obxectos ou instrumentos necesarios para o exercicio de actividades específicas da atención sanitaria, que poidan cortar, picar e causar unha ferida ou infección. O instrumental sanitario cortopunzante considérase equipamento de traballo conforme os termos do Real decreto 1215/1997, do 18 de xullo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipamentos de traballo.

Así mesmo, o instrumental médico cortopunzante ten a consideración de produto sanitario, conforme o Real decreto 1591/2009, do 16 de outubro, polo que se regulan os produtos sanitarios, e debe cumprir o establecido na dita regulamentación.

5. «Medidas preventivas específicas»: medidas adoptadas para previr as feridas ou a transmisión de infeccións na prestación de actividades e servizos relacionados directamente coa atención sanitaria e hospitalaria, incluíndo o uso do equipamento necesario máis seguro e baseándose na avaliación de riscos e nos métodos seguros de eliminación do instrumental sanitario cortopunzante.

6. «Representantes dos traballadores»: toda persoa elixida, nomeada ou designada para representar os traballadores, de conformidade coa lexislación vixente.

7. «Os representantes dos traballadores en materia de saúde e seguridade» son os delegados de prevención, de conformidade co artigo 35 da Lei 31/1995, do 8 de novembro.

8. «Subcontratista»: calquera persoa que dispense servizos e realice actividades directamente relacionadas coa atención sanitaria e hospitalaria no marco das relacións de traballo contractuais establecidas co empresario.

#### Artigo 4. *Principios.*

1. Un persoal sanitario ben formado, dotado dos recursos adecuados e protexido desempeña un papel esencial na prevención das feridas e as infeccións causadas por instrumental sanitario cortopunzante. A prevención da exposición constitúe a estratexia clave para eliminar ou reducir o risco de feridas ou de infeccións no exercicio profesional.

2. A función dos representantes en materia de seguridade e saúde é clave na prevención de riscos e na protección.

3. O empresario ten a obriga de garantir a seguridade e a saúde dos traballadores en todos os aspectos relacionados co traballo, incluíndo os factores psicosociais e a organización do traballo.

4. Será responsabilidade de cada traballador, sempre que sexa posible, velar pola súa seguridade e a súa saúde persoais, así como polas doutras persoas afectadas polos seus actos no traballo, de acordo coa súa formación e coas instrucións dadas polo seu empresario.

5. O empresario propiciará un ambiente onde os traballadores e os seus representantes participen no desenvolvemento das políticas e prácticas de seguridade e saúde.

6. O principio de respecto ás medidas preventivas específicas indicadas nos artigos 5 a 10 implica que nunca se debe supor que non hai risco. Aplicarase a xerarquía de principios xerais de prevención segundo a Lei 31/1995, do 8 de novembro, e o Real decreto 664/1997, do 12 de maio, sobre a protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes biolóxicos durante o traballo.

7. Os empresarios e os representantes dos traballadores deben colaborar ao nivel apropiado para eliminar e previr os riscos, protexer a saúde e a seguridade dos traballadores e crear un lugar de traballo seguro, incluíndo a consulta sobre a elección e o

uso dun equipamento seguro e a identificación da maneira máis óptima de levar a cabo os procesos de formación, información e sensibilización.

8. As accións débense emprender a través dun proceso de información e consulta, de conformidade coas leis ou cos convenios colectivos aplicables.

9. A eficacia das medidas de sensibilización comporta obrigas compartidas polos empresarios, os traballadores e os seus representantes.

10. Para lograr un lugar de traballo o máis seguro posible é fundamental combinar medidas de planificación, sensibilización, información, formación, prevención e supervisión.

11. Promover a cultura «sen culpa». Os procedementos de notificación de incidentes débense centrar en factores de orde sistémica máis que en erros individuais. A notificación sistemática débese considerar como un procedemento aceptado.

#### Artigo 5. *Avaliación de riscos.*

1. Os procedementos de avaliación de riscos débense realizar de conformidade co disposto na Lei 31/1995, do 8 de novembro; co Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención, e co Real decreto 664/1997, do 12 de maio.

2. A avaliación de riscos incluírá a determinación da exposición, asumida a importancia dun lugar de traballo suficientemente dotado e organizado, e comprenderá todas as situacións onde exista unha ferida, sangue ou outro material potencialmente infeccioso, e realizarase tendo en conta toda a información dispoñible, en particular:

a) A natureza dos instrumentos cortopunzantes a que estean ou poidan estar expostos os traballadores.

b) As recomendacións das autoridades sanitarias sobre a utilización e/ou manipulación dos instrumentos cortopunzantes co fin de protexer a saúde dos traballadores que utilicen ou poidan utilizar estes instrumentos en razón do seu traballo.

c) A información sobre as enfermidades susceptibles de ser contraídas polos traballadores como resultado da súa actividade profesional.

d) Os efectos potenciais que poidan derivar da actividade profesional dos traballadores.

e) O coñecemento dun accidente que sufrise un traballador e que estea directamente ligado ao traballo con instrumentos cortopunzantes.

f) O risco adicional para aqueles traballadores especialmente sensibles en función das súas características persoais ou estado biolóxico coñecido, debido a circunstancias tales como patoloxías previas, medicación, trastornos inmunitarios, embarazo ou lactación.

3. A avaliación de riscos debe ter en conta a tecnoloxía, organización do traballo, condicións laborais, nivel de cualificacións, factores psicosociais laborais e influencia de factores relacionados co lugar de traballo. Así se logrará:

a) Determinar como eliminar a exposición,

b) Considerar posibles sistemas alternativos.

#### Artigo 6. *Eliminación, prevención e protección.*

1. Cando os resultados da avaliación de riscos revelen un risco de feridas con instrumental cortopunzante ou de infección, débese eliminar a exposición dos traballadores a través das seguintes medidas, sen importar a orde:

a) Especificar e aplicar procedementos seguros para a utilización e eliminación do instrumental sanitario cortopunzante e dos residuos contaminados. Estes procedementos reavalíaranse periodicamente e formarán parte integrante das medidas de información e formación dos traballadores incluídas nos artigos 7 e 8.

b) Eliminar o uso innecesario de instrumental cortopunzante mediante a aplicación de cambios na práctica e, baseándose nos resultados da avaliación de riscos, proporcionar dispositivos médicos que incorporen mecanismos de protección integrados.

c) A práctica de reencapsulación deberá prohibirse con efecto inmediato.

2. Vistas a actividade e a avaliación de riscos, o risco de exposición deberíase reducir tanto como for necesario para protexer de maneira adecuada a seguridade e saúde dos traballadores afectados. Aplicaranse as seguintes medidas á luz dos resultados da avaliación de riscos:

a) Establecemento de procedementos de traballo adecuados e utilización de medidas técnicas apropiadas.

b) Redución, ao mínimo posible, do número de traballadores que utilicen e/ou manipulen ou poidan utilizar e/ou manipular estes instrumentos.

c) Cando se implementen dispositivos de seguridade nunha unidade, servizo, centro sanitario ou calquera outra organización, de maneira paralela a esta implementación debe producirse a retirada dos dispositivos convencionais, para garantir que non conviven nos centros sanitarios dispositivos convencionais e de seguridade.

d) Adopción de medidas seguras para a recepción, manipulación e transporte dos instrumentos cortopunzantes dentro do lugar de traballo.

e) Adopción de medidas de protección colectiva ou, no seu defecto, de protección individual, cando a exposición non se poida evitar por outros medios.

f) Utilización de medidas de hixiene que diminúan a entidade das lesións causadas polos instrumentos cortopunzantes.

g) Utilización dun sinal de perigo de acordo co previsto pola normativa vixente e, en concreto, polo Real decreto 485/1997, do 14 de abril, sobre disposicións mínimas en materia de sinalización de seguridade e saúde no traballo.

h) Velar para que todos os recipientes, envases e instalacións que conteñan instrumentos cortopunzantes estean etiquetados de maneira clara e lexible.

i) Establecemento de plans para facer fronte a accidentes dos cales poidan derivar exposicións a instrumentos cortopunzantes.

j) Verificación, cando sexa necesaria e tecnicamente posible, da utilización dos instrumentos cortopunzantes.

k) Pór en marcha procedementos eficaces de eliminación de residuos e instalar contedores tecnicamente seguros e debidamente sinalizados para o manexo do instrumental cortopunzante e o material de inxección dun só uso, tan cerca como sexa posible das áreas onde se utiliza ou localiza o dito instrumental e material.

l) Previr o risco de infeccións mediante a aplicación de sistemas de traballo seguros, como:

1.º A elaboración dunha política de prevención global e coherente que abarque a tecnoloxía, a organización do traballo, as condicións laborais, os factores psicosociais relacionados co traballo e a influencia de factores relacionados co lugar de traballo;

2.º A formación;

3.º A aplicación de procedementos de vixilancia da saúde, de conformidade co Real decreto 664/1997, do 12 de maio.

m) Utilización de equipamentos de protección individual, de conformidade co disposto no Real decreto 773/1997, do 30 de maio, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde relativas á utilización polos traballadores de equipamentos de protección individual.

3. Se a avaliación mencionada no artigo 5 revela que existe un risco para a saúde e a seguridade dos traballadores debido á exposición a axentes biolóxicos para os cales existen vacinas eficaces, a vacinación debe ser ofrecida aos ditos traballadores.

4. A vacinación e, se for necesario, o seu recordatorio débense realizar conforme a lexislación e as recomendacións das autoridades sanitarias, incluíndo a determinación do tipo de vacinas.

a) Débense informar os traballadores dos beneficios e das desvantaxes da vacinación e da non vacinación, incluíndo o posible impacto na súa saúde e na do seu contorno.

b) A vacinación débeselles ofrecer de maneira gratuíta a todos os traballadores e aos estudantes que realicen actividades sanitarias e afíns no lugar de traballo. No caso de que non acepten a vacinación ofertada, deberá quedar constancia escrita desta decisión.

5. O anexo desta orde contén recomendacións de utilización de instrumentos cortopunzantes.

#### Artigo 7. *Información e sensibilización.*

Como o instrumental cortopunzante se considera equipamento de traballo, de acordo co Real decreto 1215/1997, do 18 de xullo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipamentos de traballo, ademais do cumprimento do disposto no dito real decreto o empresario deberá adoptar as seguintes medidas:

- a) Pór de manifesto os diferentes riscos,
- b) Ofrecer orientacións sobre a lexislación existente,
- c) Promover as boas prácticas relativas á prevención e ao rexistro de incidentes/ accidentes,
- d) Aumentar a sensibilización mediante o desenvolvemento de actividades e materiais de promoción en asociación cos sindicatos representativos e/ou cos representantes dos traballadores,
- e) Facilitar información sobre os programas de apoio dispoñibles.

#### Artigo 8. *Formación.*

1. Ademais das medidas establecidas no Real decreto 664/1997, do 12 de maio, débese ofrecer formación adecuada sobre as políticas e procedementos asociados ás feridas causadas por instrumental cortopunzante, incluíndo:

- a) Uso adecuado de dispositivos médicos que incorporen mecanismos de protección contra instrumental sanitario cortopunzante,
- b) Iniciación para todo o persoal temporal ou de nova incorporación,
- c) Os riscos asociados á exposición a sangue e fluídos corporais,
- d) Medidas preventivas que inclúan as precaucións estándares, os sistemas seguros de traballo, os procedementos de uso e eliminación e a importancia da inmunización, segundo os procedementos vixentes no lugar de traballo,
- e) Procedementos de notificación, resposta e seguimento, e a súa importancia,
- f) Medidas en caso de feridas.

2. Os empresarios deben organizar e proporcionar a formación que sexa obrigatoria para os traballadores. Os empresarios débenlles permitir aos traballadores asistir en formación. Esta formación débese organizar periodicamente e debe ter en conta os resultados da supervisión, modernización e melloras.

#### Artigo 9. *Notificación.*

1. A revisión dos procedementos de notificación implantados realizarase en colaboración cos representantes en materia de seguridade e saúde ou os representantes

pertinentes dos empresarios/traballadores. Os mecanismos de notificación incluírán sistemas locais, nacionais e europeos.

2. Os traballadores deberán notificar inmediatamente calquera accidente ou incidente con instrumental cortopunzante aos empresarios ou á persoa responsable, ou á persoa encargada da seguridade e da saúde no traballo.

3. A notificación recollida neste artigo é independente da notificación que, de ser o caso, lles corresponda realizar ás autoridades sanitarias, no marco do sistema de vixilancia de produtos sanitarios establecido no Real decreto 1591/2009, do 16 de outubro.

#### Artigo 10. *Resposta e seguimento.*

1. Estableceranse políticas e procedementos adecuados naqueles lugares onde se poida producir unha ferida causada por instrumental cortopunzante. Todos os traballadores deberán ser informados acerca destas políticas e procedementos. Estes estableceranse conforme a lexislación e os convenios colectivos e, de ser o caso, os acordos aplicables.

Concretamente, deberánse adoptar as seguintes accións:

a) O empresario tomará medidas inmediatas para atender o traballador lesionado, incluíndo a profilaxe postexposición e as probas médicas necesarias cando teñan unha xustificación médica, así como a adecuada vixilancia da saúde, de acordo co disposto no Real decreto 664/1997, do 12 de maio, e nesta orde.

b) O empresario investigará as causas e circunstancias, e rexistrará o accidente/incidente adoptando, cando sexa necesario, as accións necesarias. O traballador deberá achegar a información relevante no momento adecuado para completar os pormenores do accidente ou incidente.

c) En caso de lesión, o empresario considerará os pasos que cómpre seguir, que inclúen garantir o tratamento médico e, de ser o caso, aconsellar os traballadores. A rehabilitación, a continuidade no traballo e o acceso a unha compensación deberán realizarse conforme a lexislación e os convenios colectivos e, de ser o caso, os acordos aplicables.

2. Os datos de carácter persoal, incluíndo a confidencialidade da lesión, diagnóstico e tratamento, protexeranse de conformidade co disposto no artigo 22 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, e na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

#### Artigo 11. *Consulta e participación dos traballadores.*

A consulta e participación dos traballadores ou dos seus representantes sobre as cuestións a que se refire esta orde realizaranse de conformidade co disposto no artigo 18.2 e no capítulo V, sobre consulta e participación dos traballadores, da Lei 31/1995, do 8 de novembro.

#### Artigo 12. *Infraccións e sancións.*

Os incumprimentos do disposto nesta orde serán sancionados conforme o establecido no texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto.

Disposición adicional única. *Actualización da guía técnica para a avaliación dos riscos relacionados coa exposición a axentes biolóxicos durante o traballo.*

O Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo, de acordo co disposto no artigo 5.3 do Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención, actualizará, con obxecto de incluír nela as particularidades desta orde, a guía técnica, de carácter non vinculante, para a avaliación dos riscos

relacionados coa exposición a axentes biolóxicos durante o traballo, a que se refire a disposición derradeira primeira do Real decreto 664/1997, do 12 de maio, sobre a protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes biolóxicos durante o traballo.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta orde dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.7.<sup>a</sup> da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación laboral, sen prexuízo da súa execución polos órganos das comunidades autónomas.

Disposición derradeira segunda. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante esta orde incorpórase ao dereito español a Directiva 2010/32/UE do Consello, do 10 de maio de 2010, que aplica o Acordo marco para a prevención das lesións causadas por instrumentos cortantes e punzantes no sector hospitalario e sanitario celebrado por HOSPEEM e EPSU.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 29 de xullo de 2013.–A ministra de Emprego e Seguridade Social, Fátima Báñez García.

## ANEXO

### Recomendacións de utilización de instrumentos cortopunzantes

1. Deberanse manexar con extraordinario coidado as agullas e os instrumentos cortantes usados.
2. As precaucións deberanse adoptar durante e tras a súa utilización, ao limpalos e na súa eliminación.
3. Unha vez utilizadas, as agullas non deben ser sometidas a ningunha manipulación.
4. Para a súa eliminación, as agullas, xiringas e outros instrumentos cortantes ou punzantes deben ser colocados en envases regulamentarios resistentes á punción, que estarán localizados na zona en que vaian ser utilizados.
5. Nunca se encherán os envases totalmente, posto que as agullas que sobresaen dos contedores constitúen un risco importante para as persoas que as manexan.
6. Sempre que sexa posible, os traballadores sanitarios que utilicen instrumentos cortantes ou punzantes deben depositalos persoalmente no recipiente adecuado.
7. Nunca se deixarán estes obxectos cortantes ou punzantes abandonados sobre unha superficie, xa que existe risco de que outros traballadores sufran accidentes.
8. Iso é especialmente necesario tras intervencións realizadas xunto ao leito do enfermo (p.ex. toracocentese, extracción de mostras de sangue arterial para gases, etc.), xa que o individuo que manexa un instrumento coñece mellor a situación e cantidade do equipamento utilizado, evitando así o risco de exposición a outros traballadores.
9. Terase especial coidado en que non haxa obxectos cortantes ou punzantes na roupa que vaia á lavandaría, xa que lles poden producir accidentes aos traballadores que a manipulen.
10. Nunca se depositarán obxectos cortantes ou punzantes nas bolsas de plástico situadas nos cubos de lixo.